

ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2021/1	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Aprobación inicial da RPT do Concello»
<b>Data</b>	19 de febreiro de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 12:56 ata as 14:11 horas
<b>Lugar</b>	Videoconferencia
<b>Presidida por</b>	María Dolores Castiñeira Alén
<b>Secretaria</b>	Berta Alonso Soto

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ



Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ
<b>Escusas de asistencia presentadas:</b>	
1. Ana Cristina Pérez Cabaleiro: «Motivos laborais»	

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Expediente 1982/2020. Aprobación inicial da Relación de Postos de Traballo

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 5,

Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Sra. Alcaldesa:** Darvos a benvinda a todos e a todas e a veciñanza que nos segue a través das redes neste pleno extraordinario, no que traemos un único punto na orde do día, a aprobación inicial da RPT. O carácter extraordinario desta sesión ten como obxectivo tratar co maior tempo posible coa maior atención este único punto pola importancia que ten, vai ser a primeira RPT da historia do noso Concello, e consideramos acaído darlle esta clase, de que sexa extraordinario, tamén despois de adicarlle tempo, outro dos obxectivos será retomar a mediación para a aprobación do Convenio colectivo, outro dos compromisos que tiñamos como equipo de goberno ademais de levar a RPT adiante. Por diferentes circunstancias o convenio vai con certo retraso, temos toda a intención de retomar a medición canto antes e seguir cumprindo os compromisos coa parte sindical.

Houbo unha solicitude de aprazamento deste pleno extraordinario por parte do Partido Popular, dicir que a Comisión convocouse en prazo polo que non hai unha causa legal para aceptar ese aprazamento e tamén lle trasladamos mediante escrito que esa petición de aprazamento non contiña motivos suficientes para que fose aceptado. Pedía un aprazamento dun mes para tratar o tema que aquí se trae, a relación de postos de traballo, pero é que levamos meses, moitísimos meses traballando nesta relación de postos de traballo. Como xa sabedes este equipo de goberno contou co equipo técnico da empresa Tudó-consulting, ademais do asesoramento xurídico do avogado Rubén Lores, que acometeu a redacción da que



será a primeira Relación de Postos de Traballo deste Concello. Como calquera outro Concello fomos crescendo, fomos incrementando numerosos servizos para a veciñanza e Salceda contou sempre cunha estrutura de persoal un pouco improvisada en función das necesidades que ían aparecendo, ao final no que se resume é nunha falta de planificación de ter capacidade de anticipación. Outra das funcións que ten esta RPT é corrixir dalgún xeito as diferencias retributivas que sabemos que hai entre os traballadores e traballadoras da nosa plantilla. Este proxecto que hoxe presentamos para a súa aprobación inicial creemos que corrixe eses desequilibrios que hai na estrutura do persoal, partindo da realidade que coñecemos de dereitos adquiridos xa por eses traballadores e traballadoras do Concello, trátase dun proxecto que foi presentado inicialmente coma un borrador, modificado logo das mesas de negociación e creemos que é o resultado dun documento consensuado nos aspectos máis importantes.

O expediente é un expediente copioso con catro arquivos das diferentes mesas, nas que aparece reflectida a evolución precisamente da presentación inicial dese borrador que tivemos xa fai meses e que hoxe traemos o borrador definitivo, esa proposta de aprobación de RPT a este Pleno. Celebráronse diferentes mesas de negociación, tres concretamente, onde estaba presente a representación sindical tanto do persoal funcionario coma do persoal laboral. Nesas tres mesas deuse un prazo de presentación de propostas, de suxestións, ás organizacións sindicais representadas nesa mesa, acolléronse no documento moitas das propostas que se formularon na mesa de negociación e algún documento que aportaron mediante rexistro e queda acreditada polo tanto a existencia desa negociación colectiva.

Dicir que o informe de Secretaría tamén recolle a existencia desa negociación tanto o informe de Secretaría como de Intervención son favorables, se ben o informe de secretaria fai unha serie de advertencias, recomendacións a corrixir, non son reparos suspensivos, que houbo que subsanar e subsanamos antes de chegar a esta convocatoria plenaria.

O documento en todo caso é un documento correcto, ten un sistema de valoración que define os postos dentro das marxes que permite a lei, o documento de motivación houbo que cambialo, vos comentei na Comisión Informativa que como estaba pechado o expediente non houbo oportunidade de incorporar esa nova motivación ao expediente plenario, hoxe si que chegamos con el incorporado. Neste documento se explican e se explicitan algunhas das advertencias que nos facía a Secretaria no seu informe e en resumo e así o indican os informes favorables de Secretaria e de Intervención, non hai nada que impida a aprobación inicial deste documento.

A parte económica e estrutural vaina defender a compañeira Lucía na segunda quenda. O que si tivemos a ben e recoller, dada a extraordinariedade, é o aumento de tempos 10 minutos na primeira quenda, 5 minutos na segunda e 3 na última. É unha



petición que fixestes dende o Partido Popular, o ROM así o recolle como un asunto suficientemente importante, posto que falamos da primeira RPT deste Concello para que os tempos se visen aumentados.

Como vos dicía os datos económicos e estruturais os vai defender Lucía, resumir así rapidamente que o Orzamento para o 2021 que aprobaremos nos vindeiros días, máis do 30% vai dedicado a ese capitulo I de gastos de persoal. Falamos de 1.820.569€, esta RPT o que contempla é un incremento de 153.324€ ,divididos en retribucións salariais e seguridade social. Créanse moitas prazas novas, a RPT contempla 44 prazas das que hoxe en día están ocupadas 33. Xa para concluír, creo que é un día moi importante, cumprimos un dos nosos compromisos de sacar a diante nesta lexislatura a relación de postos de traballo e dando cumprimento a dun dos acordos do pacto do goberno, dando cumprimento as esixencias e peticións que tiñamos da parte sindical, un paso imprescindible para eliminar desigualdades salariais, é o documento máis importante, é conseguir esa mellora no funcionamento do Concello para ser eficaces e resolutivos ante a veciñanza que é a quen nos debemos todos e todas.

**Sr. Davila Rodríguez:** Bos días a todos, saúdos aos veciños e a todos os que nos estean vendo a través das diferentes canles.

Por cuestión de orde, simplemente matizar dúas cousas. En primeiro lugar, lamentamos que unha vez máis non tivera a ven pospoñer este pleno, nos solicitamos un mes pero todo é negociable e quizá con quince días era suficiente. Estamos falando dun documento de máis de oitocentas páxinas, como comprenderán estudialo en pouco máis dunha semana, que non é unha semana, pois temos que compatibilizar o noso traballo coa dedicación a política. En segundo lugar, desculpar a nosa compañeira Ana Cristina, que precisamente a petición de trasladar o pleno en horario de tarde é precisamente para que se poida compatibilizar o que é o traballo dos membros da Corporación coa función de Concelleiro/a cousa que unha vez máis Sra. Alcadesa non tivo a ben aceptar, iso é unha decisión política e vontade de querer ou non querer, polo tanto hai excusas que non valen e sobre todo si non son certas. Xa para rematar, lle pido que así como aceptaron aumentar o tempo de intervención, cousa que é lóxica, lle pido que xa que único punto da orde do día deste pleno e dada a cuestión a tratar que é unha das máis importantes deste mandato, teña a ben ser un pouco flexible, non lle estamos pedindo que nos deixe intervir media hora ni vinte minutos, simplemente que sexa flexible e que deixe o debate transcorrer como ten que ser, en cuestións de aclaracións, en cuestións de propostas e sobre todo en cuestións onde se vai a ver quen estudiou este asunto, quen detectou erros e sobre todo quen vai a defender mellor que ningún aos intereses do noso Concello.

**Sra. Alcadesa:** Con respecto a petición de aprazamento que facías creo que che respondín con total claridade no escrito. O Concello leva meses, xa podemos falar de anos de traballo nesta lexislatura e en anteriores e a parte sindical tivo acceso a eses traballos dende o primeiro momento. Convocouse este pleno en tempo e forma, eu



non sei cal é o problema, é a mesma anticipación doutros plenos, a que marca a Lei, non sei porque di que non tiveron tempo, é o tempo establecido por lei para as convocatorias, os prazos son os que son, tamén lle digo que na Corporación hai seis Concelleiros/as do Partido Popular e entre a súa labor esta a de fiscalización eu en ningún momento recibín ningunha solicitude de acceso a esa documentación, que tampouco tería ningún problema en facérvola chegar, pero a realidade e que nestes meses non recibín ningunha petición de acceso a esa información. Creemos que non é lóxico e ademais os sindicatos nos están pedindo premura tanto na aprobación da RPT, coma na negociación do convenio, non é lóxico que o Partido Popular queira aprazar un mes esta sesión extraordinaria. Dito isto o que si aceptamos foi incrementar os tempos tal é como recolle o artigo 4.1g) do ROM para cuestións de suma importancia é como ben dicías é moi importante porque é a primeira RPT deste Concello

**Sr. Rodríguez Davila:** Por alusións, o que acaba de dicir é simplemente votar balóns fora, como vamos a ter acceso ao expediente si aínda incorporaron estes días ao expediente información? Vostede o que está facendo é demagogia e mentindo, pero como vamos a pedir información dun expediente que din vostedes que levan anos traballando e non estaba a disposición porque estaban traballando nel? Si nunca se nos convocou a ningunha reunión nin coa parte sindical nin con vostedes, nunca plantearon esa posibilidade, sexa un pouquiño rigorosa e un pouco seria, lamentable escoitar a súa intervención.

**Sra. Alcaldesa.** Nin oralmente nin por escrito solicitaron nunca esa documentación nin información ao respecto

**Sr. Núñez Troncoso:** Bos días, a verdade e que tal é como o pinta a Alcaldesa a relación de postos de traballos é un mar de rosas, a negociación foi un mar de rosas, cando foi todo o contrario. O goberno vai a aprobar a primeira relación de postos de traballo sen consenso, nin negociación cos traballadores, ese é o titular deste punto. Como grupo maioritario, como xa dixo o noso portavoz, gustaríanos que nos houberan invitado a participar neste proceso, pero como ven sendo habitual non foi así, e máis, tanto alardean de consenso con este documento e o expediente que se nos entregou fai unha semana ten 835 páxinas.

Crean un praza de técnico de administración local, grupo A1, entre outras funcións se contempla que vai a substituír a secretaria/o, interventor/a, tesoureiro/a, asesoramento xurídico a todos os departamentos municipais, xestión de arquivo municipal, xestión de prevención de riscos laborais, responsable da administración electrónica, a verdade é que son bastantes funcións e moi dispares entre elas, por qué non se pode cubrir esta praza cun A2? Porque para substituír á Secretaria, Interventor ou Tesoureiro en moitas ocasións o están substituíndo un C2, un auxiliar administrativo, ese non sería problema, non queremos ser mal pensados, pero con esta disparidade de funcións aquí me parece que o que se está pedindo é a unha



persoa licenciada en Dereito e que teña certos coñecementos ou titulación en xestión de prevención de riscos laborais, xestión de arquivo municipal, xestión de administración electrónica, da a entender que esta praza xa ten nome a apelidos.

Auxiliar Administrativo/a C2 que se atopan agora mesmo nas áreas de secretaría, economía e servicios sociais. Estas persoas levan moito tempo, xa todo os sabemos, facendo xa esas funcións, pero respecto do orzamento do 2020 se lle vai a baixar o complemento específico en 2000 €, baixa por certo sen motivar, como así o recolle o informe de Secretaría municipal e a data de hoxe, aínda que se aportou unha motivación posterior á convocatoria da Comisión Informativa, esa motivación segue adolecendo dos mesmos problemas, falta de motivación. Se vostedes a revisan verán que non motivan nin as baixas de salarios nin as altas. Logopeda-pedagoga, persoal laboral, Grupo 1, A1, este posto vai a percibir o complemento específico máis baixo de toda a plantilla do Concello, excepto do auxiliar de biblioteca, máis baixo que un A1, A2, C1, C2 e que un grupo E. O custe que vai a ter para o Concello este posto vai ser menor que as dedicacións parciais que ten agora mesmo o grupo de goberno, adicacións parciais aprobadas polo pleno, que é de seis horas. No complemento de destino se lle asigna o nivel máis baixom, o 20. Educadora familiar, persoal laboral Grupo 2, A2, hai unha sentenza xudicial que a recoñece como Grupo 1 A1, por qué non se contempla xa na relación de postos de traballo como Grupo A1 e non como Grupo 2? No complemento específico ten a mesma condición que a logopeda, dos máis baixos do Concello. Traballadora Social, complemento específico menor que un C2 ou que un Grupo E. Bibliotecario/a, persoal laboral grupo 3, esta persoa tamén ten outra sentenza onde se lle recoñece o Grupo 2 A2, é máis, o propio Concello convocou no último Plan Concellos esta praza esixindo unha titulación de licenciado ou diplomado. Técnico da Omix, persoal laboral Grupo 1 ou 2, di esta relación ten un complemento específico do 50 % do que ten o Grupo E, que recordemos que é o grupo máis baixo e o mesmo que dicía antes, falta de motivación, está sen motivar porqué este posto de traballo o poden ocupar unha persoa con distinta titulación, non o dicimos nós, o di tamén o propio informe de Secretaría municipal. Técnico Local de Emprego, outro persoal laboral Grupo 1, A1, na mesma situación ou parecida que o logopeda, complemento específico entre os máis baixos de todo o persoal, menor que una A2, menor que un C1 administrativo, menor que que un C2 auxiliar administrativo e menor que un Grupo E. Complemento de destino se lle asigna, un complemento de destino de 22 na anterior relación que fixera esta empresa no anterior goberno se lle contemplaba un 23, agora sen saber porqué se lle baixa a un 22. Técnico de deportes, persoal Laboral Grupo 3, estas persoas traballan agora mesmo con máis de 450 nenos/nenas e o complemento específico é menor que un C2 ou con un Grupo E. Tesoureiro habilitado nacional, esta praza se valorou na relación de postos traballo que fixo esta empresa no 2017 con un nivel 24 con un complemento específico de 16.700€, no pleno de abril de 2018 cando o anterior Alcalde levou a creación desta praza, se lle asigna nivel 28 con complemento específico de 23.400€ e agora nesta relación o mesmo nivel pero se lle baixa o específico en 4000€. É unha praza, lembremos, sen ocupar e en tres anos dende a



primeira valoración se contempla tres cantidades distintas, distintas valoracións, cal vai ser a valoración axeitada?.

En resumen este documento non é unha caza de bruxas como dicía a señora Verónica no Pleno de abril do 2019, é cunha cacería onde a presa son os traballadores municipais. Lembro o que dicía o Partido Socialista no Pleno de 2019, Verónica neste caso, respecto dos traballadores do Concello *“o Partido socialista defende os dereitos dos traballadores os do Concello e os de calquera empresa, suscribo totalmente o comunicado dos sindicatos”*. Quen a viu e quen a ve Sra. Verónica. Voulle dar un consello, primeiro son os traballadores e os veciños, segundo son os traballadores e os veciños e terceiro son os traballadores e o veciños, e se queda algo, o partido, marque esas prioridades. Un consello que lle dou, sie o quere ter en conta ou non.

Porqué hai tanta presa en convocar este pleno, porqué non se traen ao pleno os dous expedientes da RPT e o Convenio colectivo? Tal como plantexaron e plantexa a Secretaria Municipal no seu informe e plantexaron os representantes dos traballadores, é máis, na acta da mesa de negociación que foi o 29 de outubro a Alcaldesa máis a Tenente de Alcaldesa manifestan o compromiso de levar parello a relación de postos de traballo máis o convenio colectivo. Dado que a relación de postos de traballo se vai a aplicar, vai haber traballadores que van a percibir menos do que ata agora, como se vai a resolver isto? Contéplase a consolidación do nivel de traballadores que se lle baixa o nivel de destino? Como é posible a rebaixa do complemento específico, cando a realidade é que levan moitos anos facendo o mesmo traballo?

Quería lembrarlle á Sra. Alcaldesa que hai documentación, como é o propio ornanigrama, funcións e a RPT, máis o documento de valoración, que seguen sen estar asinados e seguen sen estar presentados por rexistro é iso llo lembra a Sra. Secretaria municipal.

Nós como grupo municipal seguimos pedindo que se siga negociando cos representantes sindicais, que resolvan estas incongruencias, resolvan as diferencias, cedan en calquera negociación se deben ceder polas dúas partes, tanto da parte sindical como do goberno e cheguen a un acordo de mínimos. Gañarán os veciños, gañaran os traballadores e máis, ata gañará o goberno. Dende a nosa parte se acaban coa negociación como todos desexamos dende logo que van a ter o apoio deste grupo, agora, con este documento enriba da mesa, a nosa posición vai ser no.

**Sra. Tourón Domínguez:** Bo día a todos e a todas e tamén a veciñanza que nos están vendo dende as súas casas. En primeiro lugar vou a agradecer a exposición que fixo a Alcaldesa, que é a responsable da área de persoal, que é Loli e na parte técnica entendo que vai entrar Lucía con un pouco máis de detalle.

Dicir primeiro creo que nos debe quedar claro a todos e a todas que o estamos

facendo aquí neste intre é a aprobación inicial da primeira RPT do Concello de Salceda de Caselas, é iso, a relación de postos de traballo, estamos falando de relación de postos de traballo non de persoas, creo que neste caso o concelleiro do Partido Popular, Joaquín, algunha das súas conclusións que quitou foi falando de persoas, cando aquí estamos falando de postos de traballo. Súmome tamén a que estamos nun día importante porque é a primeira RPT do Concello de Salceda e o inicio ou vai paralelo á aprobación do convenio. É verdade que o convenio se empezou a través da mediación a falar del e por distintas circunstancias, sobre todo pola COVID, que tamén afectou a persoal do Concello e a persoal do propio equipo de mediación da Xunta de Galicia, co cal o noso compromiso xa non só como partido ou como parte do goberno, senón como todo o goberno, que sei e dou fe que así, é de continuar inmediatamente coa continuación da negociación do convenio de persoal.

Esta aprobación inicial vai a ter un prazo de alegacións que poden presentar tanto os grupos que forman esta corporación, e dicir, o Partido Popular, si se considera que non foi tempo suficiente para analizar este documento eu creo que é tempo suficiente porque a RPT non nace hoxe, non nace hai tres meses. A RPT non nace o ano pasado, senón que a RPT como ven dixo o compañeiro do Partido Popular se leva anos negociando polo o equipo de goberno, como o propio persoal e os sindicatos como os representantes de persoal saben que é así. É verdade que o documento sufriu modificacións, houbo negociacións, por moito que o Partido Popular se empeñe en dicir que non houbo negociación, si que a houbo, porque nesas tres mesas de negociación das que formamos parte este equipo de goberno e representantes dos dous grupos do equipo se lle admitiron parte das alegacións. Solicitudes que facían os representantes do traballadores e polo cal eu deu por feito, tal como di a Secretaría que houbo negociación, de feito aí están algunhas das diferencias.

Falaba o compañeiro Joaquín que había outro borrador de RPT inicial, cando había outro equipo de goberno, se dicían unhas cousas e neste outras, pois hai outro equipo de goberno e houbo tres meses de negociación e de aí sae ese novo documento.

En canto o tempo de traer a RPT a este pleno, é verdade que vamos a ter outro pleno a semana que ven, un ordinario cuns temas moi importantes tamén, entre eles a aprobación do orzamento. Quixemos o equipo de goberno dividir para que todos teñamos tempo suficiente para defender este tema tan importante, creo que os tres partidos nos comprometemos en eleccións a aprobar a RPT e o convenio laboral, co cal este é o primeiro paso. Creo que o Partido Popular se debería sumar a cumprir ese compromiso que fixo nas eleccións, eu non digo que esta negociación fose un camiño de rosas pero que si quero, persoalmente e tamén en nome de todo o equipo de goberno, agradecer o bo ton que houbo en todas e en cada dunha das mesas de negociacións que celebramos, tanto pola parte do equipo de goberno como pola parte dos representantes dos traballadores. Quero que quede claro porque





efectivamente existiu ese bo ton, esa negociación, esa incorporación dalgunhas das solicitudes que eles nos facían, porque unha negociación é iso, ceder ambas partes. Nin é dicir que si a todo nin dicir que no a todo, senón chegar o que consideramos dende este equipo de goberno o que é o mellor para a veciñanza, como dicía o compañeiro do Partido Popular.

En canto as valoracións do complemento específico, díxeno nas mesas de negociacións e sigo dicindo, hai postos de traballo no que o complemento específico, e creo que se da por suposto, que o persoal dun grupo A1 ou A2 xa veñen cos coñecementos adquiridos e coa resolución do posto de traballo que deben facer, outros grupos máis baixos é lóxico que teñan ese complemento específico para resolucións dos temas que non veñen adherentes á súa capacitación, máis ben formación neste caso.

Quero que este sexa un pleno de pouco enfrontamento político porque é un tema moi importante e creo que é o inicio de resolver un problema que leva moitos anos sufrindo o Concello de Salceda e sufrindo polo tanto a veciñanza.

En canto as miñas palabras que repetiu o compañeiro do Partido Popular, seguimos defendendo aos traballadores tanto do Concello de Salceda e os de calquera empresa porque vai no noso ADN, e isto é proba de elo, porque fomos capaces xunto coa outra parte do goberno de chegar a negociación para traer a este pleno a primeira RPT do Concello de Salceda. O noso compromiso da aprobación do convenio laboral o máis axiña que poida producirse e recordarlle ao compañeiro Joaquín que eu, como persoa, cando me presento a unhas eleccións, me presento a través dun partido político, a través dunhas siglas, igual que os compañeiros do Partido Popular e defendo ese partido, pero cando se me nomea Concelleira o meu deber, e o teño moi claro cada día, é que represento a toda a veciñanza, non só ao partido socialista senón non a toda a veciñanza e cada cousa que fago neste Concello o fago pensando niso e non no partido. Igual sona repetitivo pero primeiro Salceda, segundo Salceda e terceiro tamén Salceda, o partido servíume para chegar ao meu cargo de Concelleira pero todos, creo, que o que debemos sentir é que cando a veciñanza o elixe e o pon nun posto institucional non representa os do seu partido senón a toda a veciñanza.

**Sra. Pereira González:** Bo día a todos e todas. Creo que todos estamos de acordo da importancia da aprobación deste documento, desta primeira RPT do Concello de Salceda, un instrumento que nos vai a permitir organizar estruturalmente os postos que vai a asignar funcións e que vai a equilibrar salarios, asignando a igual posto igual salario, corrixindo certas desigualdades e que nos permitirá tamén incrementar a plantilla que tanta necesidade hai. Como ben é sabido por todos a plantilla do Concello é escasa para os numerosos servizos que se prestan a nivel municipal e no momento que teñamos esta RPT aprobada poderemos incrementar esa plantilla.

Respondo tamén a Joaquín de que a que ven tanta presa, non ten presa, e que é un



expediente que leva dende o mes de setembro sobre a mesa, no mes de setembro iniciouse nesta legislatura o proceso negociador e dende setembro, por distintas razóns se foi quedando. A COVID este ano o complica todo pero non é presa, é un documento que se está quedando reseso de non avanzar.

No mes de setembro convócase a primeira mesa e o equipo de goberno plantexa unha proposta inicial, unha proposta que contempla 44 postos e que ten unha masa salarial resultante de 1.096.000€. Froito das negociacións levadas a cabo en distintas mesas se producen unha serie de cambios, pola parte sindical despois da primeira mesa se presenta un novo documento con un ornanigrama case novo e unha serie de alegacións e propostas e modificacións de postos. A min tamén me gusta ser ambiciosa pero neste caso hai que ser realistas e tocou conxugar e equilibrar a necesidade coa capacidade económica. Evidentemente non podemos irnos a unha plantilla que duplique a actual, que nos gustaría pero que como digo, toca ser realistas e pensar no que realmente temos capacidade para convocar, polo tanto, non se incrementou, pero sobre os postos que tiñamos recollidos se traballou nas súas propostas, moitas delas non tiñan repercusión económica como poden ser os cambios en distintas funcións que se tiveron en conta, nuns casos se eliminaron, outras se modificaron, noutras se incrementaron pero outras moitas si que tiveron repercusión económica, como pode ser que no documento inicial tiñamos dúas categorías de operarios e tras a súa petición nos pareceu tamén axeitado e correcto que se unificaran os oito operarios previstos pasan a estar na mesma categoría. Subiuse o complemento de destino a dez prazas que se traducen en dezasete persoas, incrementouse tamén o horario da praza da educadora familiar, que inicialmente estaba a media xornada e que se puxo a xornada completa, entre outras cousas.

Froito deses cambios producidos ao longo da negociación temos o documento que hoxe traemos a pleno, un documento onde se contemplan 44 postos e que ten unha masa salarial de 1.129.000€ no momento que se rematou, a día de hoxe hai que aplicarlle o incremento salarial marcado pola Lei de Presupostos que é o 0.9 para este ano e polo tanto xa estaríamos en un 1.139.923€ máis de 40.000€ de incremento en masa salarial soamente. Despois, hai que sumarlle evidentemente a seguridade social, trienios e complemento persoal transitorio, con isto respondo outra das preguntas que deixou no aire Joaquín, en todo momento se falou nas mesas de negociacións e tamén está recollido no documento que no caso daqueles traballadores que como consecuencia da aprobación desta relación de postos de traballo resulte un salario inferior ao que veñen cobrando na actualidade, se lle aplicará un complemento persoal transitorio. Se garante que en ningún momento van a percibir menos diñeiro do que veñen percibindo na actualidade. No informe de secretaría nos dicía que non quedara explicitamente recollido ese acordo, si falamos del e a intención do goberno en todo momento foi aplicar ese complemento pero non se fixo un acordo explícito, hoxe precisamente tivemos mesa de negociación con motivo dos orzamentos e xa aproveitamos para facer ese acordo e xa quedou reflexado e acreditado ese acord, polo tanto queda garantido que ningún caso ningún



traballador se vai a ver prexudicado economicamente a consecuencia da relación de postos de traballo.

Das 44 prazas que falabamos na actualidade están cubertas 33, polo tanto no momento en que esta relación de postos estea aprobada definitivamente nos veremos na capacidade de convocar 11 prazas. Algunhas delas non dependen da RPT, como pode ser o posto de oficial de policía ou tesoureiro de habilitación e como son postos de obrigado cumprimento levan outro cauce, pero ademais está un condutor, dous encargados, tres operarios, un conserxe máis e un auxiliar para biblioteca. Polo tanto esas prazas no momento que esta RPT estea aprobada definitivamente poderían convocarse, e digo que se poderían convocar porque no orzamento do exercicio do 2021 xa se dotou economicamente a todos os postos que se contemplan na RPT. Evidentemente os que son de nova creación se lles dotou dunha porcentaxe pequena porque é evidente que o proceso vai a ser largo e dificilmente neste ano se poidan convocar, pero por si acaso houbera oportunidade pois que non sexa por falta de capacidade económica. Polo tanto o documento orzamentariamente é sostible, non están contempladas aínda ao 100% pero suporía outro incremento doutros 150.000€, a nivel persoal tampouco ten ningún problema económico porque non vai causar ningún prexuízo. En canto a complementos e temas que fala Joaquín, son temas que xa foron debatidos en mesa de negociación, nalgúns deles se fixo algunha concesión e este é o resultado que se chegou, evidentemente a todos nos gustaría máximos pero hai que ser realistas.

**Sr. Núñez Troncoso:** A verdade que a COVID hai que acabar con el, pero que o usen tantas veces politicamente eu creo que xa vale, creo que non é solo cuestión da COVID, hai máis cousas que a COVID. O de retomar a negociación despois da aprobación inicial, quero lembrar cando se intentou aprobar inicialmente o Plan Xeral o que dicía Verónica: Por qué non se leva xa o documento practicamente rematado e despois facer pequenos flecos? Lembren que no Plan Xeral se levaba o documento sen ningún tipo de acordo do grupos da oposición daquela Partido Popular e PSOE. O de corrixir a estrutura de persoal, a verdade é que non vemos onde está a corrección na estrutura de persoal. Subsanación de documentos, segue habendo documentos no expediente que están sen firma e sen entrada en rexistro. A última mesa de negociación foi o 29 de outubro e ese mesmo día os representantes sindicais presentan unha nova proposta e que nos saibamos ata hoxe non se contestou esa nova proposta dos representantes sindicais.

A RPT recolle postos, claro que recolle postos, pero tamén é certo que eses postos están actualmente ocupados por persoas, eses postos implican tamén salarios, polo tanto non me diga vostede que só recolle postos, eses postos están ocupados por persoas na maioría deles si, outros de nova creación e en outros ocupados con sentencias de persoal laboral indefinido. Tamén me gustaría que a señora Verónica nos explique onde está o cambio de postura por qué antes defendía tanto aos traballadores e agora non os defenden? De verdade que defende agora aos



traballadores como defendía antes? De verdade que pode manter ese mesmo discurso? Non o vemos, nin nós, nin moitos veciños, nin por suposto os traballadores, poden manter ese discurso que vostede di, non sei como é capaz diso.

Falaba a compañeira Lucía respecto da educadora familiar que se lle ía a aumentar os salarios, pero o soldo global que ten asinado e o que está reflexado na RPT e xa lle digo que é menor que un C2. A educadora familiar lembre que ten unha sentenza xudicial que se lle recoñece A1, pois aínda así ten un menor salario que un C2.

Volvemos a insistir no do convenio colectivo, non sabemos porque non se quere levar xunto coa RPT que sería o ideal, así o menciona a Secretaria no seu informe e así o plantexan os representantes dos traballadores. Vanme a dicir agora que está en Santiago na mediación. Os sindicatos, e está recollido na actas de negociación, plantexan retomar de novo o Convenio colectivo, pero nin caso. Extráñame que dende o servizo de mediación da Xunta que non os chamaran varias veces para retomar a negociación, extráñame moitísimo.

En canto ao complemento persoal transitorio, nos alegramos que se chegue a un acordo pero isto non podería vir xa no expediente e non hoxe ás nove da mañá. Esta é a forma que teñen vostedes de traer os expedientes ao pleno, a última mesa foi o 29 de outubro, dende esa data ata hoxe non habería tempo para negociar o complemento persoal transitorio?

Insisto no mesmo que dixemos antes, nós estaríamos encantados de apoiar ao goberno con este documento, pero claro, sempre e cando resolvan estas diferencias que hai cos traballadores e como xa dixen antes, hai que ceder as dúas partes, nin é ceder a todo o que din os sindicatos nin os sindicatos tampouco recoller todo ou tragar con todo o que di o goberno. Hai que chegar a un consenso, se vostedes logran iso, nós lle vamos a aplaudir, pois como lle dixen antes gañamos todos, veciños, traballadores e o goberno. Lle pido que fagan un esforzo as dúas partes e intenten chegar a unha solución.

**Sra. Tourón Domínguez:** Gustaríame preguntarlle ao Partido Popular se leu as actas das tres mesas de negociación que se celebraron dende setembro ata o día de hoxe. Está acusando ao equipo de goberno de falta de negociación, cousa que non é certa. Como dixen antes o certifica a propia secretaria, estase acusando en que estamos traballando sobre a marcha, tampouco é certo, nas acta se pode comprobar claramente a intención que tivo sempre este equipo de goberno na mesa de negociación de dar por feito ese complemento persoal transitorio, xa estaba dado de feito con todo o que falamos nesas mesas de negociación. É verdade que a Secretaria considerou que non había esa certificación pero en todas as actas se mira cal foi a nosa intención, por iso lle pregunto ao compañeiro do Partido Popular se chegou a lelas. Unha vez máis ese pequeno acordo que se tivo na mesa de negociación de hoxe a mañá, di claro que hai un ton negociador por ambas partes, que se chegan a



acordos sen problemas, e o volvo a dicir que o agradezo, porque nese clima se puido negociar moito mellor e se puido chegar ao primeiro documento da RPT deste Concello.

En canto a que utilizamos a COVID para todo, por suposto que no, creo que aquí os únicos que están intentando retrasar un documento obrigatorio como pode ser a relación de posto de traballo é o Partido Popular, pedindo despois de tanto tempo que se retrase un mes a celebración deste pleno. Creo que nós estamos intentando levar a cabo os compromisos que temos como goberno nesta lexislatura o máis axiña posible, pero tamén hai que lembrar que a relación de postos de traballo é un documento obrigatorio para o Concello. O máis importante é regularizar esta situación. Regularizar a estrutura de postos do Concello vai a permitirnos que se convoquen esas prazas e que se dea un mellor servizo a veciñanza, porque ao final entendo que todos os que representamos o pleno da Corporación é o que buscamos, que calquera cousa que fagamos redunde nun mellor servizo a nosa veciñanza e a Salceda, eu creo que iso hai que resaltalo, que é moi importante.

Ao compañeiro Joaquín lle gusta moito confrontar comigo, o que dixen antes e o que digo agora eu o teño claro, eu non cambien de postura, non cambiei de parecer nin vou a cambiar as miñas declaracións. Estou completamente segura que estou defendendo os dereitos dos traballadores e a proba disto está en que traemos despois de moitos anos e de moitos conflitos unha RPT a este Pleno, polo cal, incido moito máis en que hai apoio. Por certo o de que os traballadores o que eles lle trasladan é que non teñen apoio por parte do grupo socialista ou por parte da miña persoa, en ningún momento ningún traballador me trasladou persoalmente a falta de apoio, quero que quede claro tamén neste pleno.

Soamente dicir o que xa dixen na anterior intervención, o noso compromiso pleno para levar o Convenio Laboral o máis axiña posible.

**Sra. Pereira González:** Só dicir que canto fala de sentenzas e persoas teño a sensación de que aínda non acabou de entender o que é a RPT. A RPT é a estrutura que o goberno pretende para a estrutura persoal do Concello, que si o goberno decide que para o posto de bibliotecaria quere un licenciado, por suposto que se a persoa que está ten unha sentenza hai que respectala, pero o que a RPT establece é o que o goberno quere para a estrutura persoal do Concello, non ten porque adaptarse ás sentenzas. Evidentemente a persoa que está ocupando o posto tendo unha sentenza e hai que respectala, pero non quere dicir que iso sexa a pretensión do goberno para ese posto.

En canto ao complemento persoal transitorio xa llo aclarou Verónica, non é que fora a golpe de bocina, nin que nos acordamos hoxe, simplemente que hoxe se formalizou o acordo que non se formalizara nas anteriores mesas pero que en todas estaba claro que se ía a aplicar, incluso se ve o documento, nunha das follas o pon por detrás,

onde están os cadros de persoal “o acordo da mesa de negociación os traballadores que se encontren en postos de traballo nos que a valoración do posto sexa menor retribución das que actualmente perciben, serán compensados con un complemento persoal transitorio pola diferenza, de modo que este compensa a contía de diminución e manteña as retribucións actuais” está recollido, non houbo un acordo formal e se formalizou hoxe pero non foi unha improvisación desta maña.

**Sr. Núñez Troncoso:** Todos sabemos o que é unha RPT, pero tamén sabemos todos que hai unha resolución xudicial, esa resolución xudicial di que ese posto o ten que ocupar un certa persoa, unha certa titulación, por exemplo, a pedagoga, pode ocupar ese posto unha persoa que non teña a titulación correspondente? Non verdade? Pois iso é o que lle intentaba dicir.

O complemento persoal transitorio, xa me dirá Sra. Verónica ou Sra. Lucía onde está regulado, en que acta de negociación está acordado ese complemento? en ningunha, e sí que lemos a actas, as tres e en ningunha, vostedes si que non as leron, porque hai entre outras cousas, hai un compromiso da Sra. Verónica e da Sra. Alcadesa de levar conxuntamente a RPT e o convenio colectivo eso está en dúas actas en concreto, na última e na do 17 de setembro, di vostede que o Partido Popular pretende retrasar a RPT, si vostedes levan dende outubro unha proposta dos sindicatos, escrito presentado por rexistro que está no expediente a unha e media da tarde, dende o 29 de outubro que avances fixeron ata hoxe que é o 19 de febreiro? Dime que intentamos atrasalo, pero que me está dicindo? Só pedimos aprazalo, máis que nada para estudar o expediente polo volume que ten este expediente, quen o está retrasando son vostedes.

Sra. Verónica, respecto do persoal, mire, eu non teño nada contra vostede, só digo o que dicía e o que di, iso que di vostede que defende os traballadores, vólvolle a dicir o que lle dixen antes, o día dos santos inocentes xa pasou, vostede é capaz de dicir que defende aos traballadores, de verdade? É inaudito o que estamos escoitando aquí de vostede, sabendo o que está pasando cos traballadores e inaudito que vostede diga iso. Nunca nos imaxinamos que fora desa posición, pero que diga unha cousa, demagogía pura e dura do que realmente está pasando no Concello, vostede bote a cabeza para outro lado, non ten adxectivo. A nosa posición vai a ser en contra, volvo a incidir, fagan vostedes un esforzo suficiente e os sindicatos tamén e dende logo se chegan a un acordo van a ter o apoio deste grupo, non lle caiba a menor dúbida.

**Sra. Tourón Domínguez:** Non vou a entrar nese debate co compañeiro do Partido Popular sobre esta intención continua que ten en todos os plenos de, de algunha forma danar a miña persoa, dicindo que digo, que dixen... non vou entrar nese debate porque creo que hoxe o importante aquí é o que se está facendo, a aprobación inicial da relación de postos de traballo a primeira RPT do Concello de Salceda e estou segura, e o digo alto, e estou contenta porque creo que é o mellor que lle pode pasar aos traballadores e traballadoras de Salceda e tamén a veciñanza, co cal o meu voto



vai ser positivo e estou convencida que isto é o mellor que lle pode pasar aos veciños e veciñas.

**Sr. Rodríguez Davila:** É un pouco triste escoitar dende o goberno o que escoitamos no día de hoxe, facer afirmacións rotundas de que traemos a primeira RPT, é certo que deu o seu compromiso, é certo que defendemos aos traballadores, claro que é certo, pero se fose consensuado, se fose acordado minimamente, se fose unánime esa proposta que traen a pleno. É moi fácil traer esa proposta sen acordo ao pleno, e moi fácil traer un compromiso se a outra parte non está de acordo, non o dicimos nós o din os representantes sindicais dos traballadores, o din no ultimo escrito presentado por rexistro fai dous días que vostedes non mencionaron no día de hoxe, saben o que di? No escrito presentado o 17 de febreiro din: solicitan os traballadores e os representantes sindicais que non se recoñeza a sometida a negociación a relación de postos de traballo pois declaramos que detectamos números erros na súa redacción e que se nos facilite por vía de urxencia o documento definitivo que vai a aprobar no pleno. Os traballadores e os representantes sindicais lle din ao goberno que non dean por sometida negociación a relación de postos de traballo e que lle entreguen o documento definitivo que van a levar a pleno, e dicir, non teñen o último documento. É increíble o que vostedes pretenden facer nun intre, aprobar por pleno cando os traballadores e representantes sindicais non teñen ese documento definitivo e vostedes aquí levan toda a mañá dicindo que é histórico, que é increíble, que o PP non apoia isto, que é a primeira vez que temos unha RPT, que cumpren un compromiso. Por favor, sexan un pouquiño serios, fáganllo ver e sobre todo, cumplan cos eslóganos de campaña de Movemento Salceda. Falan os feitos, vaia xeito de gobernar teñen vostedes. O noso grupo vai solicitar neste momento, a través do seu portavoz que se someta a votación a retirada da orde do día deste punto do pleno. Que negocien e que o traian en consenso e nós por suposto que aplaudiremos e o apoiaremos, e si non é así loxicamente votaremos en contra.

**Sra. Alcaldesa:** As conclusións do informe de Secretaria están corrixidas, non eran reparos suspensivos, eran apreciacións e todas elas están corrixidas cun novo documento de motivación. En canto a adoptarse un acordo da mesa de negociación do complemento transitorio, quedou máis que acreditado en todas as mesas a intención do goberno e teño que dicirle que foi o propio sindicato quen hoxe o introduciu na mesa para chegar a ese acordo, nós tiñamos pensado convocar unha mesa de negociación para explicar que só era unha cuestión de forma este acordo, pero foron eles quen introduciron esta maña, e de maneira unánime se aprobou, non obvien vostedes que tanto o informe de secretaria como o de intervención son favorables, e que non hai un so impedimento para que a probación deste documento saia a diante.

Dáme un pouquiño de magoa que o Partido Popular vaia a votar en contra, e máis, agradezo como xa o fixeron as compañeiras o bo ton da representación sindical, creo que fostes máis duros vós na defensa dalgunha cuestión que eles. Unha negociación é



iso, expor os plantexamentos dunha parte e doutra e chegar acordos e foi o que fixemos. A negociación produciuse e está recollida en acta, non vamos a obviar que ademais falamos dunha aprobación inicial, na que vai a haber unha exposición pública de vinte días, nas que aquelas persoas a nivel persoal ou a representación sindical poden facer as reclamacións ao pleno que consideren, temos un prazo dun mes por diante para resolver. Leo todos os escritos que me chegan este escrito da representación sindical non me deu tempo a contestalo porque é recente. O informe de secretaría 2021-0002 no apartado decimo terceiro fala da “mesa xeral de negociación” e aí fala dese acordo, acordo que se plasmou hoxe na mesa xeral de negociación para os orzamento do 2021. A negociación se produciu, mesmo así estamos nunha etapa que hai alegacións 20 días para que fagades as aportación que queirades.

RETIRADA DO PUNTO DA ORDE DE DÍA:

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta do grupo municipal do Partido Popular de retirar o asunto da orde do día, esta resulta **RECHAZA POR CINCO** votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal de do Partido Popular, e **SETE** votos en contra do/as Concelleiros do Grupo Municipal de Movemento Salceda (4), do PSdeG-PSOE (3).

**Sra. Alcaldesa:** Visto o resultado da votación seguimos a diante coa proposta. Dáme pena que esta aprobación inicial non sexa por unanimidade, estamos con un documento fundamental para o Concello de Salceda, mellora a condicións salariais e sobre todo dálle seguridade e garantías aos traballadores, garantías das que carecían e sobre todo o máis importante, o funcionamento deste Concello. Nós, traballadores e traballadoras tamén debémonos á veciñanza e creo que este documento axuda, seguramente non é do mellor documento do mundo, seguramente poderíamos ter máis postos de traballo, pero hai que ser realistas e xestionar con eficacia e responsabilidade. Este é un paso para eliminar desigualdades e sobre todo para ofrecer un servizo eficaz á veciñanza.

Ides permitir antes de que lea a proposta, para min hoxe é un día moi importante e tamén para todo o equipo, me lembre de dúas persoas, de dous compañeiros, de Martín e de Sito, concelleiros de persoal en lexislaturas anteriores e que lle dedicaron moitísimas horas á RPT para chegar a este punto. Deu lectura da proposta:

*“Tramitado o expediente para a aprobación inicial da Relación de Postos de Traballo do Concello de Salceda de Caselas, formado polos seguintes antecedentes:*

- *Borrador de Relación de Postos de Traballo para someter a negociación.*
- *Proceso de negociación a través da Mesa Xeral de Negociación conxunta de funcionarios e laborais do Concello, celebrándose as seguintes sesións: MXN/2020/3, MXN/2020/4 e MXN/2020/5.*





- Borrador da RPT para aprobación inicial formada por tres documentos: organigrama, funcións e RPT, valoración de postos e motivación dos cambios na RPT elaborada por J&L TUDÓ CONSULTING S.L.
- Providencia de Alcaldía solicitando a emisión de informes en data 06.02.2021.
- Informe de Secretaría núm. 2021-0002 de 9 de febreiro.
- Informe de Intervención núm.2021-0025 de 10 de febreiro.

Realizada a tramitación legalmente establecida, de conformidade co artigo 22.2.i) da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a Comisión Informativa ditamina favorablemente o seguinte ACORDO:

*PRIMEIRO. Aprobar inicialmente, de conformidade cos antecedentes expostos, o documento da Relación de Postos de Traballo deste Concello, redactado pola empresa J&L TUDÓ CONSULTING S.L., resultante da última sesión da Mesa de Negociación de data 29.10.2021.*

*SEGUNDO. Abrir o trámite de exposición ao público durante o prazo mínimo de vinte días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. Considerarase definitivamente aprobada a RPT se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario en o Pleno dispoñerá do prazo dun mes para resolvelas."*

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros do Grupo Municipal de Movemento Salceda (4), do PSdeG-PSOE (3) e CINCO votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal de do Partido Popular, adoptándose o seguinte ACORDO:**

*PRIMEIRO. Aprobar inicialmente, de conformidade cos antecedentes expostos, o documento da Relación de Postos de Traballo deste Concello, redactado pola empresa J&L TUDÓ CONSULTING S.L., resultante da última sesión da Mesa de Negociación de data 29.10.2021.*

*SEGUNDO. Abrir o trámite de exposición ao público durante o prazo mínimo de vinte días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. Considerarase definitivamente aprobada a RPT se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario en o Pleno dispoñerá do prazo dun mes para resolvelas."*

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

